

SEMANA 6

3º CIENCIAS DA NATUREZA

Imos ler as dúas follas do libro, páxinas 30 e 31. Desta facémolo en voz baixa ou podemos lerllas a alguén da casa en voz alta.

Coa axuda do libro ou das fotocopias que enviamos as dúas semanas pasadas e máis esta, facedes os exercicios das fichas que van esta semana.

Aproveitamos as plantas

● As plantas son moi importantes

As plantas achégannos alimentos, materiais e beneficios para o noso ámbito.

Alimentos que proceden das plantas

As persoas alimentámonos directamente de moitas plantas ou das súas partes. Podes ver algunhas delas á dereita.

Tamén os animais domésticos, como as galiñas, as cabras ou as vacas, se alimentan de plantas. Sen as plantas, non habería gando e non teriamos leite, carne ou ovos.


Materiais que proceden de plantas

Das plantas obtemos varios materiais importantes. Destacan a madeira, o papel, as fibras como o algodón, as resinas coas que facemos colas, o caucho co que se fan obxectos de goma...

Beneficios para o noso ámbito

As plantas expulsan osíxeno ao realizaren a fotosíntese. O osíxeno é importante porque todos os seres vivos, incluídas as propias plantas, o necesitamos para respirar.

Ademais, as plantas enchen lugares moi fermosos, con animais e outros seres que dependen delas.



TRABALLO COA IMAXE 1

Fai unha táboa na que relaciones os nomes dos alimentos desta imaxe coas partes da planta que son cada un deles.

COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

1 As fibras, como o algodón (A), e a madeira, como a do piñeiro (B), son materiais que obtemos de plantas.

a) Indica dous usos que lles damos a cada un destes materiais.

b) Descubre que parte da planta son.



● Como aproveitamos as plantas

Aproveitamos as plantas recollendo as que viven silvestres ou cultivando, en campos, hortas ou montes, as que nos interesan.

A explotación das plantas silvestres

Ás veces, pinchamos árbores de bosques e selvas para aproveitarmos a súa madeira. Isto destrúe eses medios naturais e, se se fai en exceso, poden desaparecer os bosques.

O cultivo de plantas útiles

Moitas plantas, como as que nos serven de alimento, cultívanse en campos e hortas. Así se poden producir en grandes cantidades e dispoñer delas ano tras ano.

O cultivo de plantas en campos e hortas denomínase **agricultura**.

Para cultivar, as xentes que se dedican á agricultura realizan os traballos seguintes:

- Preparar a terra. Hai que arala, é dicir, removelala para que se airee. Tamén hai que fertilizala, para enriquecela.
- Botar as sementes ou os brotes.
- Regar se é necesario. Os cultivos que só reciben auga das chuvias, como o trigo, chámanse **de secaño**; os que se regan, como as hortalizas, son **de regadío**.
- Defender o cultivo das pragas que poden danalo, botando insecticidas.
- Recoller a colleita cando as plantas crezan e maduren.

Outras plantas, como algunhas árbores que nos proporcionan madeira, cultívanse nos montes, para cortalos periodicamente.

O cultivo de árbores en montes ou cultivo forestal denomínase **silvicultura**.

TRABALLO COA IMAXE 2



Cultivo de secaño: trigo



Cultivo de regadío: remolacha



Silvicultura: piñeiros

Interpreta.

- Sinala as diferenzas que observes entre o cultivo de secaño e o de regadío.
- Que cres que se obtén do cultivo forestal de piñeiros?

COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- Investiga e fai uns debuxos sobre os traballos que teñen que facer as persoas que cultivan plantas.

1 Que é a vexetación dunha zona?

.....

.....

.....

.....


2 Completa no debuxo as partes da planta e as funcións que realizan.

A Parte da planta:

Función que realiza:

.....

.....



B Parte da planta:

Función que realiza:

.....

.....

C Parte da planta:

Función que realiza:

.....

.....

Nome e apelidos:

3 Responde este cuestionario sobre as flores:

- a) Onde se produce o pole?
- b) Como se chaman as folliñas que forman o cáliz?
- c) Como se chaman as folliñas que forman a corola?
- d) Onde se producen os óvulos?

4 Forma frases sobre as plantas coas palabras seguintes:

- a) Auga, minerais, fotosíntese, luz, dióxido de carbono, alimentos, aire, fabrican, follas e chan.

.....

.....

.....

- b) Planta, froito, reproduce, sementes, pistilo, transforma, interior.

.....

.....

.....

5 Di que clase de plantas son, segundo os seus talos, e que aproveitamos delas os seres humanos.

PLANTA	CLASE	APROVEITÁMOLAS PARA...
Piñeiro		
Cebola		
Xeranio		